



Fisioterapia deportiva en extremidades

Diploma de curso avanzado de posgrado
Universidade de Vigo



DESCRICIÓN DO TÍTULO

O Curso Avanzado de Posgrado “Fisioterapia deportiva en extremidades” é unha formación que trata de profundar na resposta terapéutica que dende a fisioterapia se pode dar nas lesións traumáticas no eido deportivo, sendo estas as máis habituais neste ámbito.

A relevancia da formación para estudantes e profesionais de Fisioterapia radica na integración que se fai de diferentes técnicas de tratamento, como é a vendaxe, as técnicas manipulativas e o exercicio terapéutico, xunto cunha valoración do/a paciente, de cara a acadar unha boa e rápida evolución do/a mesmo/a, facilitando unha máis rápida reincorporación á actividade deportiva.

A denominación do curso fai referencia, por outra parte, a que esas lesións no eido deportivo vanse a centrar naquelas que se producen nos diferentes segmentos corporais das extremidades, tanto superiores (cintura escapular-ombro, codo, pulso e man) como inferiores (cadeira, xeonllo, nocello e pé). Algunhas das patoloxías sobre as que se vai a profundar na súa valoración e tratamento dende a proposta de Fisioterapia indicada (vendaxes, técnicas manipulativas e exercicio terapéutico) son tan relevante no eido deportivo como as cervicobraquialxias, a síndrome do *impingement* ou belisco subacromial, epicondilalxia, a síndrome do pronador, o túnel carpiano, a síndrome do corredor, a escordadura de nocello ou a fascite plantar.

Na actualidade é grande o interese pola práctica deportiva e o número de practicantes vai incrementando ano a ano. Isto fai que tamén se vexa aumentado o número de lesións e que darlle solución de forma axeitada e co menor impacto en canto ao tempo fóra da práctica deportiva sexa un obxectivo fundamental, tanto para o/a deportista como para o/a profesional que o/a trate.

Este curso pretende facilitar nos seus participantes incrementar a súa competencia clínico-asistencial para dar resposta dunha forma efectiva e rápida aos/as deportistas que sofren unha lesión. Na formación facilitarase a integración de coñecementos que xa posúen con novas perspectivas de actuación, integrando técnicas pasivas e activas de tratamento, o que tamén busca que os/as pacientes sexan co-responsables do seu propio tratamento. A experiencia dos docentes neste eido pode facilitar acadar os obxectivos desta formación, o que poderá ser positivo para os/as participantes da mesma e dos/das seus/súas pacientes.

DOCENTES

Pablo Hernández Lucas

Fisioterapeuta responsable do servizo de saúde da empresa Serviocio (Pontevedra).

Profesor Asociado de Ciencias da Saúde da Universidade de Vigo.

Gustavo Rodríguez Fuentes

Fisioterapeuta especialista en Pilates en rehabilitación.

Profesor Titular da Universidade de Vigo.

I edición (febreiro-marzo de 2025)

**OBXECTIVOS**

- Aprender a valorar a hipomobilitade e hipermobilitade articular.
- Integrar valoración e tratamento en casos clínicos reais.
- Coñecer como combinar as técnicas de vendaxe, manipulación e exercicio terapéutico no tratamento de lesións en deportistas.
- Alcanzar a destreza necesaria para aplicar as manipulacións das articulacións das extremidades.

PROGRAMA**Contidos teóricos:**

- Fisioloxía das manipulacións, concepto de hipo-hipermobilitade e indicacións e contraindicacións das manipulacións con impulso. 0,3 ECTS.
- Como e cando usar a vendaxe propioceptiva e o exercicio terapéutico no deportista. 0,2 ECTS.
- Evidencia científica. 0,1 ECTS.

Contidos prácticos:

- Valoración e biomecánica das principais articulacións das extremidades. 0,8 ECTS.
- Técnicas manipulativas con impulso das principais articulacións das extremidades. 1 ECTS.
- Vendaxe propioceptiva das principais articulacións das extremidades. 0,9 ECTS.
- Exercicio terapéutico enfocado ás principais articulacións das extremidades. 0,9 ECTS.
- Análise de casos clínicos. 0,8 ECTS.

Tutorías (traballos):

- Caso clínico: Proposta de valoración e tratamento dunha patoloxía prevalente no eido deportivo.

DIRIXIDO A

Diplomados/Graduados en Fisioterapia e alumnos de Fisioterapia que, cando menos, no curso 2024-25 estivesen en 3º curso do Grao de Fisioterapia.

Nº DE PRAZAS

20.

DATAS e HORARIO

Do 28 de febreiro ao 23 de marzo de 2025 (28 de febrero e 1, 2, 21, 22 e 23 de marzo).

Venres de 15:00 a 21:00 horas; sábados de 9:00 a 14:00 e de 15:30 a 20:30 horas; domingos de 9:00 a 14:00 horas e de 15:00 a 19:00 horas.

DURACIÓN

60 horas lectivas en total (5 ECTS).

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Facultade de Fisioterapia
Campus A Xunqueira s/n
36005 Pontevedra

INFORMACIÓN SOBRE O CURSO

Centro de Posgrao e Formación Permanente
<https://cpfp.uvigo.gal/gl/estudos/titulos-propios/id1046-3/>
Enderezo-e: cpfp@uvigo.es
986.130304

Director do curso
Gustavo Rodríguez Fuentes
<https://gfuentes.webs.uvigo.es/cursos.htm>
Enderezo-e: gfuentes@uvigo.gal
Tlf: 986.801750 / 801766

Co-director do curso
Pablo Hernández Lucas
Enderezo-e: phernandez@uvigo.es
Tlf: 986.863855